

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2020/2021

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CBADG01	Servizos administrativos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3009	Ciencias aplicadas I	2020/2021	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARIA EVA FERNANDEZ CONDE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Servizos Administrativos consiste en realizar tarefas administrativas e de xestión básicas, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas ambientais, de seguridade e de hixiene no traballo, e comunicándose de xeito oral e escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

Estas persoas exercen a súa actividade por conta allea en centros, oficinas, despachos e departamentos administrativos ou comerciais de calquera tipo de empresa ou entidade de carácter privado ou público, en todos os sectores produtivos.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Auxiliar de oficina.
- Auxiliar de servizos xerais.
- Auxiliar de arquivo.
- Ordenanza.
- Auxiliar de información.
- Telefonista en servizos centrais de información.
- Clasificador/ora e/ou repartidor/ora de correspondencia.
- Gravador/ora-verificador/ora de datos.
- Auxiliar de dixitalización.
- Operador/ora documental.
- Auxiliar de venda.
- Auxiliar de dependente de comercio.
- Operador/ora de cobramento ou caixeiro/a.

A organización da actividade produtiva das empresas e do traballo require competencias non só de carácter técnico, senón aquelas outras que estean relacionadas co traballo en equipo, a autonomía e a iniciativa na toma de decisións, así como co desenvolvemento de tarefas e a vocación de atención ao público, configurándose o perfil das persoas profesionais da xestión administrativa en todos os niveis como dunha grande polivalencia.

Desenvolveremos os obxectivos xerais especificados no Decreto 107/2014, que desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional básica coa finalidade de que o alumnado adquira as competencias profesionais tamén especificadas no devantito decreto.

Obxectivos xerais:

- j) Comprender os fenómenos que acontecen no ámbito natural mediante o coñecemento científico como un saber integrado, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar e resolver problemas básicos nos campos do coñecemento e da experiencia.
- k) Desenvolver habilidades para formular, interpretar e resolver problemas, e aplicar o razoamento de cálculo matemático para se desenvolver na sociedade e no ámbito laboral, e para xestionar os seus recursos económicos.
- l) Identificar e comprender os aspectos básicos de funcionamento do corpo humano e pólos en relación coa saúde individual e colectiva, e valorar a hixiene e a saúde, para permitir o desenvolvemento e o afianzamento de hábitos saudables de vida en función do contorno.
- m) Desenvolver hábitos e valores acordes coa conservación e a sustentabilidade do patrimonio natural, comprendendo a interacción entre os seres vivos e o medio natural, para valorar as consecuencias que se derivan da acción humana sobre o equilibrio ambiental.

Competencias profesionais:

- j) Resolver problemas predicibles relacionados cos ámbitos físico, social, persoal e produtivo, utilizando o razoamento científico e os elementos proporcionados polas ciencias aplicadas e sociais.
- k) Actuar de xeito saudable en contextos cotiáns que favorezan o desenvolvemento persoal e social, analizando hábitos e influencias positivas para a saúde humana.
- l) Valorar actuacións encamiñadas á conservación ambiental, diferenciando as consecuencias das actividades cotiás que poidan afectar o equilibrio do ambiente.
- m) Obter e comunicar información destinada á autoaprendizaxe e ao seu uso en distintos contextos do seu ambiente persoal, social ou profesional mediante recursos ao seu alcance e os propios das tecnoloxías da información e da comunicación.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.
- r) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.
- t) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.
- r) Desenvolver valores e hábitos de comportamento baseados en principios democráticos, aplicándoos nas súas relacións sociais habituais e na resolución pacífica dos conflitos.
- t) Desenvolver a iniciativa, a creatividade e o espírito emprendedor, así como a confianza en si mesmo/a, a participación e o espírito crítico, para resolver situacións e incidencias da actividade profesional ou de índole persoal.
- u) Desenvolver traballos en equipo asumindo os deberes, cooperando coas demais persoas con tolerancia e respecto, para a realización eficaz das tarefas e como medio de desenvolvemento persoal.
- v) Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para se informar, se comunicar, aprender e facilitar as tarefas laborais.
- w) Relacionar os riscos laborais e ambientais coa actividade laboral, co propósito de utilizar as medidas preventivas correspondentes para a protección persoal, evitando danos ambientais e ás demais persoas.
- y) Recoñecer os dereitos e deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
- z) Analizar e valorar a participación, o respecto, a tolerancia e a igualdade de oportunidades, para facer efectivo o principio de igualdade entre mulleres e homes.
- aa) Rexeitar calquera discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Aritmética	Estudo dos diferentes tipos de números. Operacións e resolución de problemas.	75	35
2	Corpo humano	Coñecemento das estruturas anatómicas básicas. A saúde e a doenza. Dietas.	70	35
3	Álgebra	Coñecer a linguaxe álgebra e empregala para resolver problemas.	30	15
4	Materia e Enerxía	Identificación das formas da materia. Recoñecemento da enerxía nos procesos naturais.O laboratorio.	35	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Aritmética	75

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.3 Utilízanse as TIC como medio de procura de información
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades
CA1.5 Utilízase a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica
CA1.7 Caracterízase a proporción como expresión matemática
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade
CA1.9 Utilízase a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais
CA1.10 Aplícase o xuro simple e composto en actividades cotiás

4.1.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.
Proporcionalidade directa e inversa. Regra de tres. Comparación de magnitudes.
As porcentaxes na economía.
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Corpo humano	70

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	SI
RA7 - Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas	SI
RA8 - Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícaronse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente
CA6.2 Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións
CA6.3 Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor
CA6.4 Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor
CA6.5 Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas
CA7.1 Identifícaronse situacións de saúde e de doenza para as persoas
CA7.2 Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo
CA7.3 Identifícaronse e clasificáronse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos
CA7.4 Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido
CA7.5 Describiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas
CA7.6 Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas
CA7.7 Describiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes
CA7.8 Recoñecéronse situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo
CA7.9 Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás
CA8.1 Discriminouse entre o proceso de nutrición e o de alimentación
CA8.2 Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde
CA8.3 Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano

Criterios de avaliación
CA8.4 Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta
CA8.5 Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno
CA8.6 Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións
CA8.7 Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos

4.2.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Fisioloxía do proceso de relación: sistemas nervioso e endócrino.
Fisioloxía do proceso de reprodución: aparello reprodutor e desenvolvemento embrionario.
Saúde e doenza: concepto e diferenciación.
Tipos de doenzas: infecciosas e non infecciosas; doenzas de transmisión sexual. Causas, prevención e tratamentos.
Mecanismos encargados da defensa do organismo. Sistema inmunitario.
Hixiene e prevención de doenzas. Tratamento fronte ás doenzas infecciosas. Vacinas.
Transplantes e doazóns.
Saúde mental: prevención de drogodependencias e de trastornos alimentarios.
Hábitos de vida saudables relacionados coas doenzas máis frecuentes e con situacións cotiás.
Alimentos e nutrientes: diferenciación. Recoñecemento de nutrientes presentes nos alimentos.
Alimentación e saúde. Hábitos saudables relacionados coa alimentación.
Concepto e elaboración de dietas. Tipos de dietas. Elaboración de menús.
Hábitos saudables relacionados coa alimentación. Importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Alxebra	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas
CA9.2 Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao
CA9.4 Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC

4.3.e) Contidos

Contidos
Progresións aritméticas e xeométricas.
Tradución de situacións da linguaxe verbal á alxébrica.
Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.
Desenvolvemento e factorización de expresións alxébricas. Identidades notables.
Resolución de ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
Aplicación de métodos gráficos de resolución de problemas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Materia e Enerxía	35

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	SI
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	SI
RA4 - Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea	SI
RA5 - Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo fenómenos simples da vida real	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA2.2 Manipúlense adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio
CA2.3 Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA3.1 Describíronse as propiedades da materia
CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade
CA3.4 Efectuáronse medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica
CA3.5 Identificouse a denominación dos cambios de estado da materia
CA3.6 Identifícanse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos
CA3.7 Identifícanse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado
CA3.8 Identifícanse sistemas materiais en relación co seu estado na natureza
CA3.9 Recoñécéronse os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición
CA3.10 Establecéronse diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos
CA4.1 Identificouse e describiuse o que se considera substancia pura e mestura
CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos
CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos
CA4.4 Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos
CA4.5 Aplicáronse de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos

Crterios de avaliación
CA4.6 Descríbóronse as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC
CA4.7 Traballouse en equipo na realización de tarefas
CA5.1 Identificáronse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía
CA5.2 Recoñecéronse diversas fontes de enerxía
CA5.3 Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable
CA5.4 Amosáronse as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC
CA5.5 Aplicáronse cambios de unidades de enerxía
CA5.6 Amosouse, en diferentes sistemas, a conservación da enerxía
CA5.7 Descríbóronse procesos relacionados co mantemento do organismo e da vida nos que se aprecia claramente o papel da enerxía

4.4.e) Contidos

Contidos
Normas xerais de traballo no laboratorio.
Normas de seguridade e hixiene no laboratorio.
Materiais de laboratorio: tipos e utilidade.
Técnicas experimentais. Manexo da instrumentación do laboratorio na realización de actividades prácticas.
Unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal: cálculos, equivalencias e medidas. Uso da notación científica.
Materia: propiedades.
Clasificación da materia segundo o seu estado de agregación e composición.
Estados de agregación: sólido, líquido e gasoso. Temperatura de fusión e de ebulición.
Sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. Estados de agregación dos materiais na natureza.
Natureza corpuscular da materia. Cambios de estado e modelos cinéticos.
Substancias puras e mesturas: identificación, descrición e diferenciación.
Substancias puras: elementos e compostos. Táboa periódica.
Técnicas básicas de separación de mesturas no laboratorio. Procesos físicos e químicos que interveñen.
Características básicas dos materiais relacionados co perfil profesional.
Traballo en equipo: repartición de tarefas, normas, orde e elaboración de informes.
Manifestacións da enerxía na natureza: fontes de enerxía e procesos en que esta intervén.
Fontes de enerxía renovable e non renovable: identificación. Vantaxes e inconvenientes de cada unha.
A enerxía na vida cotiá: identificación de situacións próximas.
Formas de enerxía e a súa transformación. Lei de conservación da enerxía.

Contidos

Energía, calor e temperatura. Unidades máis habituais do Sistema Internacional.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR O MÓDULO DE CIENCIAS APLICADAS I :

- CA1.1. Identificar os tipos de números e utilizalos para interpretar adecuadamente a información cuantitativa.
- CA1.2. Realizar cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática).
- CA1.3. Utilizar as TIC como medio de procura de información.
- CA1.4. Operar con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades.
- CA1.5. Utilizar a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles.
- CA1.6. Representar os números reais sobre a recta numérica.
- CA1.7. Caracterizar a proporción como expresión matemática.
- CA1.8. Comparar magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade.
- CA1.9. Utilizar a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais.
- CA1.10. Aplicar o xuro simple e composto en actividades cotiás.
- CA2.1. Identificar as técnicas experimentais que se vaian realizar.
- CA2.2. Manipular adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio.
- CA2.3. Ter en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar.
- CA3.1. Describir as propiedades da materia.
- CA3.2. Practicar os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade.
- CA3.3. Identificar a equivalencia entre unidades de volume e capacidade.
- CA3.4. Efectuar medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica.
- CA3.5. Identificar a denominación dos cambios de estado da materia.
- CA3.6. Identificar, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos.
- CA3.7. Identificar os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizar os modelos cinéticos para explicar os cambios de estado.
- CA3.8. Identificar sistemas materiais en relación co seu estado na natureza.
- CA3.9. Recoñecer os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición.
- CA3.10. Establecer diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos.
- CA4.1. Identificar e describir o que se considera substancia pura e mestura.
- CA4.2. Establecer as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos.
- CA4.3. Discriminar os procesos físicos e químicos.
- CA4.4. Seleccionar, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos.
- CA4.5. Aplicar de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos.
- CA4.6. Describir as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC.
- CA4.7. Traballar en equipo na realización de tarefas.
- CA5.1. Identificar situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía.
- CA5.2. Recoñecer diversas fontes de enerxía.
- CA5.3. Establecer grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable.
- CA5.4. Amosar as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC.
- CA5.5. Aplicar cambios de unidades de enerxía.

- CA5.6. Amosar, en diferentes sistemas, a conservación da enerxía.
- CA5.7. Describir procesos relacionados co mantemento do organismo e da vida nos que se aprecia claramente o papel da enerxía.
- CA6.1. Identificar e describir os órganos que configuran o corpo humano, e asocialos ao sistema ou ao aparello correspondente.
- CA6.2. Relacionar cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicar as súas asociacións.
- CA6.3. Describir a fisioloxía do proceso de nutrición e identificar a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
- CA6.4. Describir a fisioloxía do proceso de reprodución e identificar a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor.
- CA6.5. Detallar como funciona o proceso de relación e identificar a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino.
- CA6.6. Utilizar ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas.
- CA7.1. Identificar situacións de saúde e de doenza para as persoas.
- CA7.2. Describir os mecanismos encargados da defensa do organismo.
- CA7.3. Identificar e clasificar as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecer as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos.
- CA7.4. Relacionar os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido.
- CA7.5. Describir a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas.
- CA7.6. Recoñecer o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas.
- CA7.7. Describir o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes.
- CA7.8. Recoñecer situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo.
- CA7.9. Diseñar pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás.
- CA8.1. Discriminar entre o proceso de nutrición e o de alimentación.
- CA8.2. Diferenciar os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde.
- CA8.3. Recoñecer a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano.
- CA8.4. Relacionar as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta.
- CA8.5. Realizar o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno.
- CA8.6. Calcular o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións.
- CA8.7. Elaborar menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos.
- CA9.1. Concretar propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas.
- CA9.2. Simplificar expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización.
- CA9.3. Resolver problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao.
- CA9.4. Resolver problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

En cada avaliación elaborárase unha única nota que se obterá do seguinte xeito:

Durante o período correspondente a cada avaliación realizaranse exames e/ou traballos, puntuándose tanto uns coma os outros sobre 8.

Realízase a nota media de todos eles, obtendo así una nota que representará o 80% da nota da avaliación. O 20 % restante acadarase pola actitude e o traballo diario. A nota do boletín será o resultado de redondear a nota obtida ó considerar os dous apartados anteriores.

Un alumno ou alumna acada avaliación positiva cando a nota da avaliación é igual ou superior a 5 puntos.

SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN

EXAMES: Consistirán en preguntas ou cuestións teóricas, e resolución de exercicios e problemas que medirán a adquisición dos contidos mínimos traballados nesa avaliación. Estas probas puntuaranse sobre 8.

TRABALLOS: Nos traballos sobre algún tema (individuais ou en grupo) valorarase o interese, a presentación, o contido e a súa exposición. Estes traballos puntuaranse sobre 8. Para o cálculo da nota trimestral terán a mesma consideración ca os exames.

ACTITUDE E TRABALLO DIARIO: O profesor ou profesora observará ao longo do curso os seguintes elementos en cada alumno ou alumna:

- A a puntualidade. Xustificar as faltas de puntualidade cando se produzan.
- A atención prestada nas clases: Seguir as explicacións, gardar silencio cando alguén fala, non molestar aos compañeiros, tomar anotacións, ...
- A participación activa nas clases: Preguntar cando ten dúbidas, responder ás preguntas que se formulan, colaborar cos compañeiros, ...
- A realización das actividades pedidas na aula.
- A realización das actividades pedidas fóra da aula.
- Traer o material necesario para seguir a clase e realizar un uso axeitado dos recursos.

que serán avaliados mediante a seguinte rúbrica ao final de cada avaliación para elaborar a nota actitudinal, que puntúa sobre 2 puntos.

NOME:..... AVALIACIÓN

SEMPRE 3 FRECUENTEMENTE 2 AS VECES 1 NUNCA 0

- É puntual.
- Xustifica as faltas.
- Presta atención en clases: Segue as explicacións, garda silencio cando alguén fala, non molesta aos compañeiros, toma anotacións, ...
- Participa activamente nas clases: Pregunta cando ten dúbidas, sae a pizarra, responde ás preguntas que se formulan, colabora cos compañeiros, ...
- Realiza as actividades pedidas na aula.
- Realiza actividades pedidas fora da aula.
- Trae o material necesario para seguir a clase e realiza un uso axeitado dos recursos.

NOTA: Cada apercibimento conleva restar 0,5 puntos na nota actitudinal desa avaliación.

Os teléfonos móbiles deberán permanecer apagados durante o exame. No caso de que un alumno/a utilice o teléfono móbil, suspenderá o exame (A nota será cero)

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Tódolos alumnos cuxa nota da avaliación, sexa inferior a 5 deberán facer un exame de recuperación sobre 8 puntos, que tratará dos contidos traballados na correspondente avaliación, tendo en conta a actitude e o traballo diario na avaliación.

Realizarase unha recuperación da 1ª avaliación e outra da 2ª. Despois de ter realizadas as recuperacións da 1ª e da 2ª avaliacións e ter a nota da 3ª avaliación, o alumno ou alumna terá o módulo aprobado se se atopa nun dos seguintes supostos:

- Ten as 3 avaliacións aprobadas.
- Ten 2 avaliacións aprobadas e unha suspensa, cunha nota non inferior a 3, e a suma dos notas das 3 avaliacións é non inferior a 15 puntos.

A tales efectos, se o alumno tivo que facer algunha recuperación, considerarase a nota da recuperación, aínda que sexa máis baixa ca da avaliación.

Neste caso, a nota final será a media aritmética das notas das tres avaliacións, consideradas segundo o criterio do parágrafo anterior. A nota do boletín será o resultado de redondear esta nota.

Se non está en ningún dos supostos anteriores o alumno ou alumna terá unha recuperación final na que se examinará só dos contidos impartidos nas avaliacións que non teña superado, cun exame sobre 8 puntos, valorando os outros dous puntos como a media das notas da actitude e traballo diario destas avaliacións.

Os alumnos co módulo suspenso en Xuño, terán no mes de Setembro un exame con preguntas sobre os contidos traballados ao longo de todo o curso. Este exame puntuará sobre 10.

A nota da avaliación extraordinaria será a nota do exame de setembro redondeada.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua realizará un exame sobre os contidos que figuran na actual programación. A nota que figurará no boletín será a parte enteira da nota de dito exame. Polo tanto, para aprobar deberá sacar como mínimo un cinco no exame.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.

Ademais, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Ao finalizar o curso farase unha análise da práctica docente que quedará recollida nunha acta do departamento según o seguinte modelo:

Práctica docente:	1	2	3	4
-------------------	---	---	---	---

- 1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado
- 2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?
- 3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade
- 4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?
- 5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?
- 6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?
- 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe?
- 7.- Préstase atención aos temas transversais?
- 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
- 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
- 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
- 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a realización da avaliación inicial e co obxecto de determinar a formación previa do alumnado na materia, realizarase unha proba na que se medirán os seus coñecementos en cálculo, resolución de problemas e ciencias da natureza.

A nota desta proba non se terá en conta para ningunha das cualificacións das unidades didácticas nin das avaliacións.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Aplicaranse as seguintes medidas de reforzo educativo:

- Explicacións particulares ós alumnos que amosan dificultades de comprensión. Podendo realizarse estas dentro ou fora do horario lectivo do alumno e profesor.
- Proposta de actividades complementarias tanto para os alumnos que lles resulte máis difícil acadar os mínimos esixibles como para os que lles resulte máis doado e queiran máis traballo para afianzar os seus coñecementos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do curso fomentaranse as seguintes accións en educación en valores:

- Educación para a democracia, o diálogo e a convivencia pacífica.
- Concibir a educación como un proceso de comunicación que debe promover un pensamento creativo e innovador.
- Educación é un proceso de formación da persoa como un todo. O centro é unha institución que axuda ao desenvolvemento persoal, desenvolvemento de competencias, habilidades e coñecementos.

- Promover o respecto por si mesmo e da diversidade social, cultural e natural dentro dunha concepción democrática.
- Aprender a vivir xuntos, aprender a vivir, ademais de ser un obxectivo esencial da educación é un dos grandes retos para os sistemas de ensino actual. Hai moitas razóns que fan que ese aprendizaxe sexa visto non só como un valor en si, senón tamén esencial para construír unha sociedade máis democrática, máis unida, máis cohesiva e pacífica.

- A Lei Orgánica 2 / 2006 de 3 de maio, de Educación, apuntou como un dos obxectivos do sistema de ensino a educación no respecto dos dereitos humanos e liberdades fundamentais, dereitos e oportunidades iguais entre homes e mulleres en igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade no exercicio de tolerancia e liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como prevención de conflitos e resolución pacífica dos mesmos.

Os obxectivos directamente relacionados coa educación de valores son:

* Considerar as tarefas de forma responsable

* Comprender e exercer os seus dereitos en relación aos outros

* Practicar tolerancia, cooperación e solidariedade entre os individuos e grupos

* Exercicio no diálogo que ten os dereitos humanos como valores comúns nunha sociedade plural

* Prepararse para o exercicio da cidadanía democrática

* Desenvolver e consolida-los hábitos de estudo, disciplina individual e traballo en equipo como condición necesaria para a aplicación efectiva das tarefas de aprendizaxe e desenvolvemento persoal como un medio de valorar e respectar a diferenza dos sexos e dos dereitos e oportunidades iguais entre eles.

*Rexeitar os estereotipos que implica a discriminación entre homes e mulleres.

* Reforzar as competencias emocionais en todos os ámbitos da personalidade e relacións cos outros, e rexeitar a violencia, o prexuízo de calquera especie e comportamento sexista e aprender a resolver conflitos de forma pacífica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación nas que figuran na programación conxunta do departamento (Celebración do día das matemáticas con actividades lúdicas na aula) e no resto de actividades do centro para as que se solicite a nosa colaboración e/ou participación e se consideren de interese para os nosos alumnos.

10.Outros apartados

10.1) Estratexias Metodolóxicas

Débense contemplar os tres escenarios posibles.

a) Presencial

1.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

Os principios de intervención educativa, derivados da teoría da aprendizaxe significativa podense resumir nos seguintes aspectos:

1. Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.
2. Asegurar a construción de aprendizaxes significativas.
3. Facer que o alumnado constrúa aprendizaxes significativas por si mesmo.
4. Facer que o alumnado modifique progresivamente os seus esquemas de coñecemento.
5. Incrementar a actividade manipulativa e mental do alumnado.

Todos os principios psicopedagóxicos recollidos anteriormente xiran en torno a unha regra básica: a necesidade de que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas e funcionais.

Asegurar unha aprendizaxe significativa supón asumir unha serie de condicións:

¿ O contido debe ser potencialmente significativo, tanto dende o punto de vista da estrutura lóxica da disciplina (ou área) coma no que

concirne á estrutura psicolóxica do alumnado.

¿ O proceso de ensino-aprendizaxe debe conectar coas necesidades, intereses, capacidades e experiencias da vida cotiá dos alumnos e as alumnas. Neste sentido, a información que recibe o alumno ha de ser lóxica, comprensible e útil.

¿ Deben potenciarse as relacións entre as aprendizaxes previas e as novas.

¿ Os alumnos e as alumnas deben ter unha actitude favorable para aprender significativamente. Así pois, han de estar motivados para relacionar os contidos novos con aqueles que adquiriron previamente.

¿ As interaccións de profesorado e alumnado e de alumnos con alumnos facilitan a construción de aprendizaxes significativas. Ao mesmo tempo, favorecen os procesos de socialización entre os alumnos e as alumnas.

¿ É importante que os contidos escolares se agrupen en torno a núcleos de interese para o alumnado e que se aborden en contextos de colaboración e dende ópticas con marcado carácter interdisciplinar.

¿ O profesorado adicará as primeiras sesións de cada bloque de contidos a repasar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019-2020 dese bloque.

b) Semipresencial

No centro adoptáronse as medidas para optar polo ensino presencial. O suposto que se contempla é que parte do alumnado non poda asistir a clases por estar confinado. O procedemento a seguir con este alumnado é o mesmo que no suposto de clases non presenciais.

c) Non presencial

Co alumnado que non poda asistir ao centro por estar confinado o ensino será non presencial. O procedemento será o seguinte. O profesor indicará na aula virtual e/ou por correo electrónico as actividades a realizar, explicacións de contidos, correccións de exercicios,¿. Tamén será a canle de contacto para resolver dúbidas e planificar videoconferencias.

No caso de alumnado que non dispoña de medios telemáticos a información comunicaráselle por correo postal.